

#2956



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Abellá (Santo Estevo) - Frades

Informantes: Carmen e Manuel

Autor material da recolla: José Luís (alumno de Mero)

Compilador: Iglesias Dobarrio, Baldomero

Colección: Baldomero Iglesias (Mero)

Transcrición: Noelia Fraga Pérez

Na saia de Carolina
hai un lagharto pintado.
Cando Carolina baila
o lagharto dae'o rabo.

Beilaches, Carolina?
Beilei, si señor.
Dime con quen beilaches.
Beilei co meu amor.

Carolina está enferma,
vai n'hospital de Santiagho.
E déronlle de remedio
as follas dun saramagho.

Beilaches, beilaches,
beilaches? Beilei.
Que da man do cura,
que eu ben te mirei.

O cura mai-la criada,
foron ós carabuliños.
O cura caieu de cú-e,
e a criada de fociños.

Bailaches Carolina?
Beilei, si señor.
Dime con quen beilaches.
Beilei co meu amor.

O cura maila criada
foron plantar ós moros.
A terra estaba moi dura
bútaronse a cabezós.

Beilaches, Carolina?
Beilei, si señor.
Dime con quen beilaches.
Beilei co meu amor.